



.....Don Roberto Luis Coira Andrade, concejal-secretario de la Junta de Gobierno Local.

.....*Don Roberto Luis Coira Andrade, concelleiro-secretario da Xunta de Goberno Local.*

.....**CERTIFICO:** Que la Junta de Gobierno Local, en sesión **extraordinaria** realizada el día **veintiocho de agosto de dos mil doce** adoptó los siguientes acuerdos:

.....**CERTIFICO:** *Que a Xunta de Goberno Local, en sesión extraordinaria realizada o día vinte e oito de agosto de dous mil doce adoptou os seguintes acordos:*

ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO

ÁREA DE MEDIO, INFRAESTRUTURAS E TERRITORIO

Medio Ambiente:

Medio:

... Aprobar el convenio de colaboración entre la entidad pública empresarial Augas de Galicia, el Ayuntamiento de A Coruña y la empresa municipal EMALCSA para la gestión y explotación de la presa de Cecebre .....

... *Aprobar o convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia, o Concello da Coruña e a empresa municipal EMALCSA para a xestión e explotación da presa de Cecebre.....*

.....Y para que así conste y surta los efectos oportunos, expido y firmo la presente con la salvedad que determina el artículo 206 del Reglamento de Organización, Funcionamiento y Régimen Jurídico de las Entidades Locales, a veintiocho de agosto de dos mil doce.....

..... *E para que así conste e xurda os efectos oportunos, expido e asino este certificado coa salvedade que determina o artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais, a vinte e oito de agosto de dous mil doce .....*



**AREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**  
**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**  
**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**  
**15011 A CORUÑA**  
☎ 541WI06S ✉ 541/1468/2012  
**Exp.: VAR-141/12**  
**BL/ab**

**INFORME PROPUESTA RELATIVO A LA APROBACIÓN DE UN CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE LA ENTIDAD PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA Y EL AYUNTAMIENTO DE A CORUÑA Y LA EMPRESA MUNICIPAL AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. (EMALCSA), PARA LA GESTIÓN Y EXPLOTACIÓN DE LA PRESA Y EMBALSE DE CECEBRE.**

## **1. ANTECEDENTES**

Conforme al informe elaborado en 1963 por el Director de Aguas de la Coruña, SA, Ricardo Fernández Cuevas, que ponía de manifiesto la necesidad de construir un embalse de regulación de los ríos Mero y Barcés, el Ayuntamiento de A Coruña encarga la redacción del proyecto al Ingeniero Yordi en 1965 y se remite a la Dirección General de Obras Hidráulicas. Paralelamente la Dirección General de Obras Hidráulicas del Ministerio de Obras Públicas pone en marcha el "Plan de Infraestructura Sanitaria del Litoral Gallego" que prevé una serie de actuaciones en materia de infraestructura destacando como una de las obras básicas la de regulación del río Mero a través de la construcción de la presa de Cecebre.

El 20 de octubre de 1973 se publica en el BOE resolución de 24 de septiembre de 1973 de la Dirección General de Obras Hidráulicas por la que se hace pública la concesión otorgada al Ayuntamiento de A Coruña de un aprovechamiento de aguas de los ríos Mero y Barcés, en término municipal de Abegondo y otros (La Coruña), mediante la construcción de la presa de Cecebre con destino al abastecimiento a la población.

La Confederación Hidrográfica del Norte de España licitó la obra, la contrató y recepciónó de forma definitiva las obras con fecha 17 de julio de 1980.

## **2. TITULARIDAD DE LA PRESA DE CECEBRE. EMALCSA COMO EMPRESA EXPLOTADORA**

Desde su construcción hasta el Real Decreto 2792/1986 sobre traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado a la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas, la presa y embalse de Cecebre estuvieron en poder del Estado que, a través de la Confederación Hidrográfica del Norte, ejerció la titularidad de la misma, explotando directamente la presa y el embalse mediante su propio personal.

La Confederación Hidrográfica en informe remitido con fecha 14 de julio de 2009 señala que: "la gestión directa de la presa y embalse de Cecebre se realizaba desde las oficinas auxiliares de la antigua Confederación Hidrográfica del Norte de España sitas en la calle Wenceslao Fernandez nº 1 - 2 de A Coruña, cuyas dependencias fueron asimismo transferidas, junto con la totalidad de los expedientes administrativos concluidos y en trámite, a la CCAA de Galicia de acuerdo con el citado Real Decreto de Transferencias"

Durante estos años, Emalcsa colaboró con la administración hidráulica estatal para llevar a buen término la construcción del embalse, encargándose de la redacción de algunas obras como la pasarela de acceso a San Martín de Orto, así como la reposición de caminos y servidumbres.

El control, mantenimiento y gestión de la presa se ejecutaba directamente por un Contramaestre, que coordinaba y dirigía un equipo de trabajadores, puesto de trabajo que, igualmente, fue transferido a la CCAA de Galicia.



## Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña

### ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO

Servicio de Medio Ambiente y Sanidad

C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta

15011 A CORUÑA

☎ 541WI06S ✉ 541/1468/2012

Con el Real Decreto 2792/1986, la CCAA de Galicia se subrogó en los derechos y obligaciones del Estado en relación a las obras e instalaciones que se relacionaban en el anexo 1.3, entre ellas el embalse de Cecebre para abastecimiento a La Coruña. Según certificación emitida por la Gerencia Territorial del Catastro el 12 de agosto de 1996, la Consellería de Ordenación del Territorio y Obras Públicas figuraba en los archivos catastrales como titular catastral de la presa como bien inmueble de naturaleza urbana.

#### Situación actual

La aprobación de las Normas de Explotación, por Resolución de la Presidenta de Augas de Galicia de 3 de mayo de 2010, suponen un cambio de posicionamiento de la Xunta en relación a la presa de Cecebre, pues manteniendo la titularidad del embalse se atribuye a Emalcsa la condición de "empresa explotadora" atribuyéndole, en función de la norma que regula la seguridad de presas (OM 12-3-1996), determinadas funciones y responsabilidades y reservándose el órgano titular aquellas otras que considera conveniente, y así:

Augas de Galicia se reserva la:

- Designación del director de explotación, personal funcionario de la Xunta
- Auscultación de la presa

Se atribuye a Emalcsa:

- Elaboración y mantenimiento del archivo técnico situado en la presa
- Personal de explotación: el Ingeniero Jefe de explotación y el Encargado General, así como las de jefe de equipo de mantenimiento, vigilantes y oficiales albañiles, jardineros, mecánicos y electricistas y peones, todos también de Emalcsa.
- Oficinas y medios
- Funciones de control de personal, control de visitas a la presa, exigiendo que el guía de la visita, tenga una categoría mínima de Jefe de equipo
- Conservación y mantenimiento se adjudican, como todo lo demás, a Emalcsa señalándose actuaciones y periodicidad.

### 3. FUNDAMENTOS JURÍDICOS

El Ayuntamiento de A Coruña actúa de acuerdo con las competencias que, en materia de suministro y abastecimiento de agua potable, le son propias de acuerdo con lo preceptuado en los artículos 25.2.1) (suministro de agua) y 26 a) (abastecimiento domiciliario de agua potable) de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de las Bases del Régimen Local, y artículos 80.2.1) y 81.a) de la Ley 5/1997, de 22 de julio de Administración Local de Galicia,

Asimismo, y de acuerdo con el artículo 85 de la Ley 7/1985, son servicios públicos locales los que prestan las entidades locales en el ámbito de sus competencias y, de acuerdo con el artículo 86.3, se declara la reserva a favor de las entidades locales de las siguientes actividades o servicios esenciales: "abastecimiento y depuración de aguas". Este mismo artículo señala las siguientes formas de gestión para la gestión de los servicios de competencia local:

"A. Gestión directa:

- a) Gestión por la propia entidad local.
- b) Organismo autónomo local.
- c) Entidad pública empresarial local.
- d) Sociedad mercantil local, cuyo capital social sea de titularidad pública.

B. Gestión indirecta, mediante las distintas formas previstas para el contrato de gestión de servicios públicos en la Ley de Contratos del Sector Público".



## **Ayuntamiento de A Coruña Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06S ☒ 541/1468/2012**

La Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, SA es una sociedad mercantil propiedad del Concello de A Coruña cuyo objeto social es, entre otros, la prestación del servicio de abastecimiento de agua potable.

El Ayuntamiento de la Coruña es el titular de la concesión de aguas otorgada mediante Resolución de fecha 24 de septiembre de 1973, por la Dirección General de Obras Públicas del Ministerio de Obras Públicas, de 928 l/sq de caudal, a captar de los ríos Mero y Barcés, en los términos municipales de Abegondo, Cambre y otros, mediante la construcción de un embalse en el lugar de Cecebre, con destino a la ampliación del abastecimiento de la población.

La anterior concesión se materializó en la construcción de la presa de Cecebre, situada en la confluencia de los ríos Mero y Barcés, en el término municipal de Cambre, y del embalse de Cecebre, situado en los ayuntamientos de Carral, Betanzos y principalmente Abegondo, siendo el abastecimiento de agua al Ayuntamiento de A Coruña con recursos hidráulicos de los citados ríos Mero e Barcés lo que motivó la creación de esta infraestructura hidráulica.

De conformidad con lo establecido en el Real Decreto 2792/1986, del 30 de diciembre, sobre traspaso de funciones y servicios de la Administración del Estado y la Comunidad Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas, esta Comunidad se subrogó en los derechos y obligaciones del Estado en relación con las obras e instalaciones hidráulicas que se relacionan en los anexos de esta norma de traspaso. Así, las obras e instalaciones derivadas de la concesión hidráulica del embalse de Cecebre, con destino al abastecimiento de la población, fueron entregadas a la Comunidad Autónoma de Galicia, de acuerdo con el apartado e) del anexo I del Real Decreto relativo a los bienes, derechos y obligaciones que se traspasa.

Al amparo de lo dispuesto en el Reglamento Técnico de Seguridad de Presas e Embalses, aprobado por la Orden Ministerial de 12 de marzo de 1.996, que establece la obligatoriedad de redactar unas normas de explotación para garantizar la seguridad de la presa, Augas de Galicia procedió a su elaboración, tramitación y aprobación, mediante Resolución de la presidencia de Augas de Galicia de fecha 3 de mayo de 2010.

De la misma manera, para dar cumplimiento a lo regulado en el artículo 5.3 de esta norma, que impone la obligación, durante la fase de puesta en carga y explotación de ésta, de designar al Director de explotación y a su equipo, se efectuaron las designaciones correspondientes.

La Comunidad Autónoma de Galicia, de conformidad con lo dispuesto en la línea tres del artículo 26 de la Ley 6/2003, de 9 de diciembre, de tasas, precios e exacciones reguladoras de la Comunidad Autónoma de Galicia en su redacción modificada por la Ley 12/2011, de 26 de diciembre, de medidas fiscales y administrativas, estableció una tasa a la que están sujetos los beneficiados por las obras de regulación de los recursos hídricos gestionadas por la Administración Hidráulica de la Comunidad Autónoma de Galicia financiadas total o parcialmente con cargo a los presupuestos de la Comunidad Autónoma de Galicia con la finalidad de compensar los costes de la inversión que soporte dicha administración y de atender a los gastos de explotación y conservación de tales obras.

Esta normativa establece como sujetos pasivos de la tasa a personas naturales o jurídicas y las entidades beneficiadas por las obras de regulación, disponiendo literalmente "Na tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais contida no anexo 3, serán suxeitos pasivos as persoas naturais ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o apartado 2 do presente artigo, beneficiadas polas obras de regulación. As entidades subministradoras de auga potable beneficiadas pola regulación de augas superficiais, con captacións situadas augas abaixo das presas xestionadas por Augas de Galicia e/ou que capten directamente do embalse, serán suxeitos pasivos desta tarifa sempre que non teñan asumida a explotación, conservación e mantemento destas presas e actúen con carácter oneroso".



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06S ☒ 541/1468/2012**

**4. JUSTIFICACIÓN Y OBJETO DEL CONVENIO:**

Vistos los antecedentes expuestos, y de acuerdo con la cláusula décimo segunda, el convenio cuya aprobación se propone persigue como fin "la necesidad de conseguir una correcta y adecuada gestión y explotación de esta presa, de forma que se garantice su buen funcionamiento y la seguridad de la misma, tanto en situaciones normales como extraordinarias" y, es por ello, que todas las partes que intervienen consideran conveniente regular las relaciones que los vinculan (gestión, explotación, conservación y mantenimiento) en base a las respectivas competencias de cada uno, siendo esto último el objeto del convenio en cuestión.

Asimismo, la firma de este instrumento, de acuerdo con lo previsto en la cláusula tercera permite la constatación de la falta de realización del hecho imponible de la tasa que se señala en el último punto del apartado anterior de este informe, al asumir el Ayuntamiento y Emalcsa obligaciones de explotación, conservación y mantenimiento, y por último permite que el Ayuntamiento, a través de Emalcsa, pueda proponer al organismo de cuenca las modificaciones de las Normas de Explotación aprobadas por Resolución de la Presidenta de Augas de Galicia de 3 de mayo de 2010 en cuanto que empresa explotadora.

En base a lo expuesto, y teniendo en cuenta que este asunto es competencia de la Junta de Gobierno de la Corporación de acuerdo con lo previsto en el artículo 127 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, Reguladora de Bases de Régimen Local, se PROPONE a dicha Junta la adopción de los siguientes acuerdos:

1.- Aprobar el Convenio de Colaboración entre la entidad pública empresarial Augas de Galicia y el Ayuntamiento de A Coruña y la Empresa Municipal Aguas de la Coruña, S.A. (EMALCSA), para la gestión y explotación de la presa y embalse de cecebre.

2.- Facultar expresamente al Excmo. Sr. Alcalde del Ayuntamiento de A Coruña para la firma de cuantos documentos sean necesarios para la ejecución de estos acuerdos.

La que suscribe emite este informe de acuerdo con la información facilitada por Emalcsa y sin perjuicio del preceptivo informe de la Intervención Municipal en relación a los posibles aspectos económicos derivados del convenio cuya aprobación se pretende.

A Coruña, a 24 de agosto de 2012

M<sup>a</sup> Begoña López García  
Jefa del Servicio de Medio Ambiente

Vº. Bº.  
Enrique de Salvador Sánchez  
Concejal delegado de Medio Ambiente y Sanidad



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

**Exp.: VAR-141/12**

**BL/ab**

**CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A ENTIDADE PÚBLICA EMPRESARIAL AUGAS DE GALICIA E O CONCELLO DA CORUÑA, E A EMPRESA MUNICIPAL AGUAS DE LA CORUÑA, S.A. (EMALCSA), PARA A XESTIÓN E EXPLOTACIÓN DA PRESA E ENCORO DE CECEBRE.**

Santiago de Compostela,

**REUNIDOS**

Dunha parte, D. Agustín Hernández Fernández de Rojas, en nome e representación da entidade pública empresarial Augas de Galicia, de acordo co artigo 13 da Lei 9/2010, de 4 de novembro, de augas de Galicia, no exercicio das funcións atribuídas polos artigos 13 da Lei 9/2010, 6 do Estatuto da entidade pública empresarial Augas de Galicia, aprobado polo Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro e o artigo 2 do Acordo do Consello da Xunta de Galicia do 27 de marzo de 1991, de cooperación con outros entes públicos e colaboración con particulares.

Doutra parte, don Carlos Negreira Souto, Alcalde do Concello de A Coruña, no exercicio das atribucións conferidas polos artigos 124 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local e 61 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia e como Presidente da Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA) expresamente nomeado pola Xunta Xeral da Sociedade na súa reunión do 7 de xulio de 2011.

Todas as partes intervenientes recoñécense capacidade para subscribir o presente convenio polo que

**EXPOÑEN**

**Primeiro.-** Que a entidade pública empresarial Augas de Galicia, adscrita á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia polo Decreto 44/2012, do 19 de xaneiro, mediante o que se establece a súa estrutura orgánica, é o ente do sector público autonómico galego ao que lle corresponde exercer as competencias e funcións en



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

materia de auga e obras hidráulicas nos termos establecidos na Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e no Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o Estatuto desta entidade.

**Segundo.-** Que o concello da Coruña, de acordo co artigo 25 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local, ten atribuídas as competencias en materia do subministro de auga, debendo prestar, entre outros, de conformidade co artigo 26 desta Lei, o servizo de abastecemento domiciliario de auga potable.

O artigo 85 desta Lei reguladora das Bases do Réxime Local, habilita para a xestión dos servizos da competencia local mediante algunha das seguintes formas que nel se sinalan:

*"A. Gestión directa:*

*a) Gestión por la propia entidad local.*

*b) Organismo autónomo local.*

*c) Entidad pública empresarial local.*

*d) Sociedad mercantil local, cuyo capital social sea de titularidad pública.*

*B. Gestión indirecta, mediante las distintas formas previstas para el contrato de gestión de servicios públicos en la Ley de Contratos del Sector Público".*

**Terceiro.-** Que a Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, SA é unha sociedade mercantil propiedade do Concello da Coruña cuxo obxecto social é, entre outros, a prestación do servizo de abastecemento de auga potable.

**Cuarto.-** Que o Concello da Coruña é o titular da concesión de augas outorgada mediante resolución de data 24 de setembro de 1973, pola Dirección Xeral de Obras Públicas do Ministerio de Obras Públicas, de 928 l/sg de caudal, a captar dos ríos Mero e Barcés, nos termos municipais de Abegondo, Cambre e outros, mediante a construción dun encoro no lugar de Cecebre, con destino á ampliación do abastecemento da poboación.

Que a antedita concesión materializouse na construción da presa de Cecebre, situada na confluencia dos ríos Mero e Barcés, no termo municipal de Cambre, e do encoro de Cecebre, situado nos concellos de Carral, Betanzos e principalmente Abegondo, sendo o abastecemento de auga ao Concello da Coruña cos recursos hidráulicos dos citados ríos Mero e Barcés o que motivou a creación desta infraestrutura hidráulica.



**Ayuntamiento de A Coruña**  
**Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

**Quinto.-** Que de conformidade co establecido no Real Decreto 2792/1986, do 30 de decembro, sobre traspaso de funcións e servizos da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia en materia de obras hidráulicas, esta Comunidade subrogouse nos dereitos e obrigas do Estado en relación coas obras e instalacións hidráulicas que se relacionan nos anexos desta norma de traspaso. Así, as obras e instalacións derivadas da concesión hidráulica do encoro de Cecebre con destino a abastecemento de poboación foron entregados á Comunidade Autónoma de Galicia, de acordo co apartado e) do anexo I do Real Decreto relativo aos bens, dereitos e obrigas que se traspasan.

**Sexto.-** Que ao abeiro do disposto no Regulamento Técnico de Seguridade de Presas e Encoros, aprobado pola Orde Ministerial do 12 de marzo de 1.996, que establece a obrigatoriedade de redactar unhas normas de explotación para garantir a seguridade da presa, Augas de Galicia procedeu á súa elaboración, tramitación e aprobación, mediante resolución da presidencia de Augas de Galicia de data 3 de maio de 2010.

Do mesmo xeito, para dar cumprimento ao regulado no artigo 5.3 desta norma, que impón a obriga, durante a fase de posta en carga e explotación desta, de designar ao Director de explotación e ao seu equipo, efectuáronse as designacións correspondentes.

**Sétimo.-** Que de acordo coa Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco de Inundacións, aprobada por acordo do Consello de Ministros do 9 de decembro de 1994, que establece a necesidade de elaborar e implantar un plan de emerxencia nas presas clasificadas nas categorías A e B, Augas de Galicia procedeu á súa elaboración, tramitación e aprobación mediante resolución da presidencia de Augas de Galicia de data 3 de decembro de 2011.

Que por resolución do Presidente de Augas de Galicia do 14 de xuño de 2004 a presa de Cecebre foi clasificada na categoría A, en función do seu risco potencial.

**Oitavo.-** Que tanto o Real Decreto 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do Dominio Público Hidráulico e que introduce un novo título regulador da materia de seguridade de presas, encoros e balsas de auga, como a normativa antes citada, o Regulamento Técnico sobre Seguridade de Presas e Encoros e a Directriz Básica de Planificación de Protección Civil ante o Risco de Inundacións, establecen os conceptos, as competencias dos distintos órganos sobre esta materia e as obrigas respecto destas infraestruturas hidráulicas.

Estas normas recollen, entre outras, as funcións e obrigas do titular das presas, encomendándolle a responsabilidade do estrito cumprimento das normas de seguridade en todas as súas fases, e





**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

contemplan expresamente a posibilidade de cesión da explotación dispoñendo para este suposto que, cando a explotación da Presa sexa cedida ou arrendada a outra entidade ou persoa física ou xurídica, o cesionario ou arrendatario asumirá as obrigas do titular.

**Noveno.-** Que na condición nº 11 da resolución concesional da Dirección Xeral de Obras Públicas do Ministerio de Obras Públicas, pola que se outorga ao Concello da Coruña, a concesión de augas de 928 l/sg de caudal, a captar dos ríos Mero e Barcés, recollese a necesidade de construír unha escala de peixes co obxecto de salvar o obstáculo que a presa supón para ás especies piscícolas.

Con posterioridade efectuouse a tramitación ambiental relativa a este aproveitamento e para dar cumprimento ao disposto, levouse a cabo unha análise das diferentes alternativas posibles a seguir para salvar este obstáculo, co fin de facilitar a migración dos peixes do río onde se atopa e resolver a mala conectividade ecolóxica neste sistema fluvial.

Logo desta análise considerase a opción mais axeitada para darlle solución á problemática a consistente na instalación dun capturadoiro para peixes, unha gaiola ou artesa que os elevará augas arriba do obstáculo cunha certa periodicidade, acorde ao número de migradores atrapados no capturadoiro.

**Décimo.-** A Comunidade Autónoma de Galicia, de conformidade co disposto na alínea tres do artigo 26 da Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia na súa redacción modificada pola Lei 12/2011, do 26 de decembro, de medidas fiscais e administrativas, estableceu unha taxa á que están suxeitos os beneficiados polas obras de regulación dos recursos hídricos xestionadas pola Administración Hidráulica da Comunidade Autónoma de Galicia financiadas total ou parcialmente con cargo aos orzamentos da Comunidade Autónoma de Galicia coa finalidade de compensar os custos da inversión que soporte a dita administración e de atender aos gastos de explotación e conservación de tales obras.

Esta normativa establece como suxeitos pasivos da taxa ás persoas naturais ou xurídicas e ás entidades beneficiadas polas obras de regulación, dispoñendo literalmente *“Na tarifa 68 da modalidade de actuacións profesionais contida no anexo 3, serán suxeitos pasivos as persoas naturais ou xurídicas, así como as entidades a que se refire o apartado 2 do presente artigo, beneficiadas polas obras de regulación. As entidades subministradoras de auga potable beneficiadas pola regulación de augas superficiais, con captacións situadas augas abaixo das presas xestionadas por Augas de Galicia e/ou que capten directamente do embalse, serán suxeitos pasivos desta tarifa sempre que non teñan asumida a explotación, conservación e mantemento destas presas e actúen con carácter oneroso”*.



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

A resolución de data 24 de setembro de 1973, xa citada, pola que se outorga ao concello da Coruña a concesión de abastecemento ao concello recolle no seu condicionado a suxeición da concesión ao pagamento de taxas ou do canón que no seu momento puidera establecerse con motivo de obras de regulación da corrente do río realizadas polo Estado ou por particulares ou entidades que deban reverter ao Estado.

**Décimo primeiro.-** Que a sociedade Minicentrales Eléctricas de Galicia, S.L. é titular dunha concesión con destino a aproveitamento hidroeléctrico no río Mero, dun caudal máximo derivado de 9.000 l/sg, no concello de Cambre (11/122/2), outorgada mediante resolución da presidencia de Augas de Galicia de data 17 de setembro de 1998, e co proxecto construtivo aprobado mediante resolución da presidencia de Augas de Galicia do 29 de abril de 2004.

Este aproveitamento, que pretende o turbinado do caudal vertido polos desaugadoiros do encoro de Cecebre previamente a ser captado para o abastecemento da poboación da cidade de A Coruña, esta supeditado ao uso de abastecemento da poboación non podendo verse afectadas ás funcións de explotación que ten atribuídas a sociedade EMALCSA. Neste senso toda a normativa sectorial en materia de augas establece a preferencia do uso de abastecemento sobre o uso hidroeléctrico, recolléndose tamén expresamente no propio condicionado concesional deste aproveitamento.

**Décimo segundo.-** Que a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Coruña e a Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA), vistos os antecedentes expostos, en atención ás súas competencias e obrigas, e conscientes da necesidade de conseguir unha correcta e axeitada xestión e explotación desta presa, de xeito que se garanta o seu bo funcionamento e a seguridade da mesma, tanto en situacións normais como extraordinarias, consideran conveniente a redacción dun Convenio que regule as relacións que os vinculan en base ás súas competencias e funcións respecto da xestión, explotación, conservación e mantemento da presa e encoro de Cecebre.

Polo exposto as partes intervinientes formalizan o presente instrumento de coordinación de acordo coas seguintes

## CLÁUSULAS

**PRIMEIRA. Obxecto**



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

O obxecto deste instrumento de coordinación é o de regular e formalizar os compromisos que asumen a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello da Coruña e a Empresa Municipal de Aguas de La Coruña, S.A. (EMALCSA), necesarios para levar a cabo unha correcta xestión, explotación, conservación e mantemento da presa e encoro de Cecebre.

**SEGUNDA. Obrigas respecto da explotación da infraestrutura hidráulica.**

- O Concello da Coruña, a través da sociedade municipal EMALCSA, asume os dereitos e obrigas da Comunidade Autónoma de Galicia en relación coa presa e encoro de Cecebre, que se derivan da Orde Ministerial do 12 de marzo de 1996 e do título VII do Regulamento de Dominio Público Hidráulico engadido polo artigo único 7 do RD 9/2008, do 11 de xaneiro, así como da cláusula 16 da resolución da Dirección General de Obras Hidráulicas do 24 de setembro de 1973, a cal se lle entrega ao concello para os efectos de facer efectiva esta subrogación, facéndose cargo, a todos os efectos, da realización das funcións que leva consigo a xestión e explotación desta infraestrutura así como dos servizos complementarios que leva aparelados e dos gastos derivados da actividade.

A explotación levarase a cabo con estrito cumprimento de toda normativa e lexislación sectorial ditada en materia de augas, seguridade de presas e encoros e protección do medioambiente e a lexislación en materia de pesca fluvial, industrial e medioambiental en vigor, así como á normativa que poida ditarse nestes ámbitos con posterioridade.

En cumprimento da normativa mencionada e de acordo co establecido nela, o concello da Coruña, a través de Emalcsa, redactará una proposta de modificación das Normas de Explotación e do Plan de Emerxencia da presa de Cecebre, que deberá ser aprobada polo órgano competente da Administración. Non obstante, durante a tramitación desta modificación e ata a súa aprobación, a explotación da infraestrutura deberá de axustarse ao disposto nas Normas de Explotación e no Plan de Emerxencia vixente, aprobados mediante resolución da presidencia de Augas de Galicia de data 3 de maio de 2010 e 3 de decembro de 2011 respectivamente, de xeito que se poida garantir en todo momento a seguridade da presa.

Dentro das obrigas en materia de seguridade correspóndelle a cobertura dos riscos que a xestión e explotación da presa implica así como a designación do director de explotación e do equipo técnico garante da adecuada aplicación das condicións de seguridade.

A estes efectos concertará os seguros necesarios para a cobertura completa e permanente de todos os riscos que supón a explotación da presa, tanto en situacións normais como extraordinarias,



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

respondendo subsidiariamente no caso de existir déficit na cobertura concertada e resultar esta insuficiente. Nas pólizas que se contraten deberán figurar como asegurados a sociedade municipal EMALCSA, o Concello da Coruña e a entidade Augas de Galicia, debendo remitirse copia da documentación onde se consignen todas as condicións pactadas aos asegurados, no menor prazo de tempo posible, unha vez formalizadas as actuacións correspondentes.

- *A Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia exercerá as funcións de vixilancia e supervisión sobre o dominio público hidráulico e as atribucións en materia de control de calidade do recurso, así como os poderes de policía necesarios para asegurar a correcta explotación das infraestruturas hidráulicas, de acordo coas competencias autonómicas da Xunta de Galicia e desta Entidade e no marco das facultades que lle concede a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia e do Decreto 32/2012, do 12 de xaneiro, polo que se aproba o seu Estatuto así como a normativa xeral en materia de augas, o Texto refundido da Lei de Augas, aprobado polo Real Decreto Legislativo 1/2001 e os seus regulamentos de desenvolvemento.*

**TERCEIRA. Taxa para as obras de regulación dos recursos hídricos. Financiamento e forma de pagamento.**

A obra de regulación de Cecebre xestionarase polo concello de A Coruña polo que se constata a non realización do feito impositivo da taxa, e, en consecuencia, o concello non se verá obrigado ao seu pagamento, conforme ao establecido pola Lei 6/2003, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia, da taxa para as obras de regulación de recursos hídricos.

**CUARTA. Dispositivo de remonte.**

Augas de Galicia impulsará a construción e instalación do capturadoiro para peixes ao que se fai referencia no apartado noveno da parte expositiva deste convenio, de xeito que se consiga o obxectivo de salvar o obstáculo que a presa supón para as especies piscícolas e se de cumprimento ao requisito esixido no condicionado concesional.

**QUINTA. Aproveitamento hidroeléctrico.**

O Concello da Coruña e a sociedade EMALCSA comprométense a acordar a solución mais favorable para a coordinación e realización dos intereses dos titulares dos dereitos concesionais outorgados ao propio Concello e á sociedade Minicentrales Eléctricas de Galicia, S.L..



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

**SÉXTA. Reclamacións**

O Concello da Coruña e a sociedade EMALCSA comprométense á desistir das reclamacións xudiciais ou extraxudiciais interpostas por motivo das actuacións administrativas efectuadas en relación coa obra hidráulica da presa e encoro de Cecebre.

A desistencia farase efectiva no prazo dos cinco días hábiles seguintes á data de aprobación da modificación das Normas de Explotación pola administración hidráulica competente, debendo ser notificada expresamente á dita administración de xeito que faga fe.

**SÉTIMA. Sistema de abastecemento de A Coruña.**

O Concello da Coruña e a sociedade EMALCSA iniciarán, ante a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, os trámites precisos, de conformidade coa normativa vixente, para a adecuación da concesión de abastecemento ao subministro supramunicipal coa posibilidade de aproveitamento da capacidade de regulación do lago do oco da mina de Meirama, como reserva de auga adicional que aumentaría a garantía de abastecemento do sistema.

**OITAVA. Cesión da titularidade.**

As partes intervenientes consideran que para optimizar a xestión desta infraestrutura hidráulica, de xeito que se acaden máis eficiencia e coordinación na súa explotación e se evite a produción dos conflitos ou incidencias que poden xurdir polas distintas competencias concorrentes, é precisa a atribución da titularidade da mesma ao concello de A Coruña, e manifestan o seu interese por conseguir este obxectivo.

Neste senso, a Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, no seu ámbito, comprométese a desenvolver as actuacións e intervencións necesarias co fin último de formalizar un futuro acordo de cesión da titularidade ao concello de A Coruña da presa e encoro de Cecebre, instrumento que substituiría, coa súa efectividade, ao presente convenio.

Para o suposto de que o dito obxectivo, a cesión da titularidade da presa e encoro de Cecebre ao concello da Coruña, non poida acadarse no prazo de un ano, o presente convenio poderá ser resolto a instancia de calquera das partes asinantes.

**NOVENA. Compromiso de mutua colaboración.**



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO  
Servicio de Medio Ambiente y Sanidad  
C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta  
15011 A CORUÑA**

☎ 541WI06R ☐ 541/1468/2012

As partes asinantes comprométense a prestar a máxima colaboración para a consecución dos obxectivos que de común acordo se definen no presente convenio así como calquera outro obxectivo común que xurda coa finalidade de acadar unha xestión óptima desta obra hidráulica e de garantir a explotación e protección adecuada do recurso hídrico.

**DÉCIMA. Comisión de Seguimento**

Créase unha Comisión Mixta de Coordinación e Seguimento do presente convenio que estará integrada por catro representantes, un do Concello da Coruña, un da sociedade EMALCSA, e dous da Entidade Pública Empresarial Augas de Galicia, designados por cada unha das partes, respectivamente. As funcións da comisión serán as de seguimento, resolución dos problemas derivados da súa execución e proposta aos órganos competentes da resolución de conflitos que poidan xurdir.

**DÉCIMO PRIMEIRA. Vixencia**

Este instrumento entrará en vigor ao día seguinte da súa sinatura e a súa vixencia rematará coa vixencia da concesión outorgada pola Dirección Xeral de Obras Públicas do Ministerio de Obras Públicas ao Concello da Coruña, mediante resolución de data 27 de outubro de 1973, quedando supeditado o prazo do convenio a calquera modificación que puidera supoñer unha variación do período concesional previsto.

**DÉCIMO SEGUNDA. Resolución do Convenio.**

O presente convenio poderá ser resolto por calquera das seguintes causas:

- O mutuo acordo das partes.
- O incumprimento das cláusulas do Convenio, previa denuncia dunha das partes, o que se lles deberá comunicar á outra con tres meses de antelación.
- Polo cumprimento do prazo de vixencia da concesión de auga á que se vincula o Convenio así como pola perda, reversión, caducidade ou calquera outra causa de extinción da mesma.



**Ayuntamiento de A Coruña  
Concello da Coruña**

**ÁREA DE MEDIO AMBIENTE, INFRAESTRUCTURAS Y TERRITORIO**

**Servicio de Medio Ambiente y Sanidad**

**C/ Pedro Ferrer, s/n (Edif. Casa del Agua) 5ª planta**

**15011 A CORUÑA**

**☎ 541WI06R ☒ 541/1468/2012**

**DÉCIMO TERCEIRA. Réxime de resolución de conflitos**

As partes comprométense a intentar resolver extraxudicialmente, no seo da Comisión, calquera conflito que poida xurdir na interpretación e execución do presente convenio. No caso de que non for posible, ás partes acudirán á xurisdición contencioso-administrativa.

En proba de conformidade, as partes asinan por triplicado, no lugar e data sinalados.

O presidente de Augas de Galicia

O alcalde do Concello de A Coruña

D. Carlos Negreira Souto

Agustín Hernández Fernández de Rojas

A Coruña, 24 de agosto de 2012